

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

| Código | Centro | Concello | Ano académico |
|----------|---------------------|----------|---------------|
| 36000247 | CPI de Cova Terreña | Baiona | 2023/2024 |

Área/materia/ámbito

| Ensinanza | Nome da área/materia/ámbito | Curso | Sesións semanais | Sesións anuais |
|--------------------|-----------------------------|---------|------------------|----------------|
| Educación primaria | Ciencias da Natureza | 5º Pri. | 3 | 105 |

Réxime

Réxime xeral-ordinario

| Contido | Páxina |
|---|---------------|
| 1. Introducción | 3 |
| 2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias | 3 |
| 3.1. Relación de unidades didácticas | 4 |
| 3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas | 7 |
| 4.1. Concrecións metodolóxicas | 12 |
| 4.2. Materiais e recursos didácticos | 12 |
| 5.1. Procedemento para a avaliación inicial | 13 |
| 5.2. Criterios de cualificación e recuperación | 13 |
| 6. Medidas de atención á diversidade | 14 |
| 7.1. Concreción dos elementos transversais | 14 |
| 7.2. Actividades complementarias | 15 |
| 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro | 17 |
| 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora | 19 |
| 9. Outros apartados | 19 |

1. Introducción

Nesta área o alumnado deberán adquirir os coñecementos esenciais e os principios básicos do medio natural para que poidan construír un mundo máis solidario, xusto, igualitario e sustentable. Será necesario que comprendan a ciencia como un proceso de investigación, a través da observación sistemática, a medición, a experimentación e a formulación de hipóteses, como base do método científico e eixe central da materia, intentando así dar resposta aos principais problemas dunha sociedade globalizada, tendo en conta o rápido desenvolvemento e progreso científico-tecnolóxico.

Para isto o alumnado debe adquirir conceptos, destrezas e actitudes relacionadas co coñecemento e a organización dos seres vivos, a materia, as forzas e as formas de enerxía, así como co funcionamento do corpo humano, para abordar a importancia do coidado da saúde e o benestar emocional, o respecto cara aos seres vivos e á súa contorna a favor da consecución e do mantemento dos obxectivos de desenvolvemento sustentable.

Coa realización de proxectos interdisciplinares cooperativos, nos que se resolva un problema ou se dea resposta a unha necesidade da contorna próxima tendo que achegar solución creativas e innovadoras a través do desenvolvemento dun prototipo final con valor ecosocial, desenvolverán as competencias necesarias para facer un uso seguro, eficaz e responsable da tecnoloxías, para desenvolver o espírito emprendedor e adquirirán as destrezas e técnicas básicas do proceso tecnolóxico.

Coa realización de tarefas de aprendizaxe integradas e contextualizadas, que permitan a utilización tanto do pensamento lóxico como do pensamento lateral, e coa realización de experimentos sobre investigacións relacionadas cos distintos elementos naturais, o alumnado achegarase ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas e da procura de información de diferentes fontes seguras e fiables.

Estrutturamos esta área ao redor de catro tarefas integradas de aprendizaxe/proxectos: Viaxando cos grandes navegantes, O mar que nos une, Somos TIC e Sabemos sobre nós e o entorno.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|---|-------|----|---------|-----|-------|----|----|------|
| OBX1 - Expor e dar resposta a cuestións científicas sinxelas, utilizando diferentes técnicas, instrumentos e modelos propios do pensamento científico, para interpretar e explicar feitos e fenómenos que ocorren no medio natural. | 1-2-3 | | 2-4 | 1-2 | | 4 | | |
| OBX2 - Coñecer e tomar conciencia do propio corpo, así como das emocións e sentimentos propios e alleos, aplicando o coñecemento científico, para desenvolver hábitos saudables e para conseguir o benestar físico, emocional e social. | | | 5 | | 1-2-3 | 3 | | |
| OBX3 - Identificar as características dos diferentes elementos ou sistemas do medio natural, analizando a súa organización e propiedades, e establecendo relacións entre estes, para recoñecer o seu valor, conservalo, melloralo e emprender accións para o seu uso responsable. | | | 1-2-4-5 | 1 | | 4 | 1 | 1 |

| Obxectivos | CCL | CP | STEM | CD | CPSAA | CC | CE | CCEC |
|--|-----|----|------|-----------|-------|-------|-----|------|
| OBX4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna, para mellorar a capacidade de afrontar problemas, buscar solucións e actuar de maneira individual e cooperativa na súa resolución, e para poñer en práctica estilos de vida sustentables e consecuentes co respecto, o coidado e a protección das persoas e do planeta. | 5 | | 2-5 | | 4 | 1-3-4 | 1 | |
| OBX5 - Utilizar dispositivos e recursos dixitais de forma segura, responsable e eficiente, para buscar información, comunicarse e traballar de maneira individual, en equipo e en rede, e para reelaborar e crear contido dixital de acordo coas necesidades dixitais do contexto educativo. | 3 | | 4 | 1-2-3-4-5 | | | | 4 |
| OBX6 - Resolver problemas a través de proxectos de deseño e da aplicación do pensamento computacional, para xerar cooperativamente un produto creativo e innovador que responda a necesidades concretas. | | | 3-4 | 5 | 3-4-5 | | 1-3 | 4 |

Descrición:

3.1. Relación de unidades didácticas

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|---------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Viaxando cos grandes navegantes | O alumnado confeccionará a carta de navegación sobre a Arribada de Colón a Baiona. Como actividade previa de motivación realizarán unha visita á Carabela Pinta/Museo da navegación, así coma visitarán monumentos da nosa vila (monumento a Pinzón, Magallanes...). Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre o tempo histórico, a Idade Moderna, S XVI, Era dos descubrimentos e acontecementos fundamentais; A nosa Galaxia; Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (cartografía, planos). Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LGL, MATE, EPV e CCNN. | 17 | 25 | X | | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|----------------------------------|--|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 1 | Viaxando cos grandes navegantes | O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | 17 | 25 | X | | |
| 2 | Sabemos sobre nós e o entorno I | O alumnado, en equipos cooperativos, preparará unha presentación/charla para o resto dos compañeiros/as da clase, co apoio dunhas maquetas que elaborarán sobre o tema. Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre a estrutura e os niveis de organización dos seres vivos. Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos tendo en conta a estrutura e dimensión das mesmas. Realizarán conxecturas matemáticas simples e investigarán patróns, propiedades e relacións, explicando ideas e procesos, identificando características dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | 17 | 25 | X | | |
| 3 | Somos TIC | Con este proxecto preténdese dar solucións aos problemas que van xurdindo no día a día na aula (axuste de páxina, inserción de imaxes, etc) e tamén adquirir regras básicas de seguridade e cortesía e respecto para navegar por Internet e resolver problemas na comunicación dixital. O alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL e CCNN. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | 17 | 15 | | X | |
| 4 | Sabemos sobre nós e o entorno II | O alumnado elaborará unha presentación sobre as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Buscarán e incluírán vídeos divulgativos de exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais e as súas consecuencias. Participará con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para buscar solucións a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. Con | 17 | 15 | | X | |

| UD | Título | Descrición | % Peso materia | Nº sesións | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|----|-----------------------------------|---|----------------|------------|----------|----------|----------|
| 4 | Sabemos sobre nós e o entorno II | este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | 17 | 15 | | X | |
| 5 | O mar que nos une. | Lema do centro. Traballaremos arte e literatura en torno a este tema. O alumnado organizará unha exposición cos produtos finais que aporte cada grupoclase. Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. Utilizará estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. Recoñecerá relacións xeométricas, posicións, simetrías e translacións nun contexto lúdico, artístico e científico e da vida cotiá. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL, LCL, EPV, CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | 16 | 13 | | | X |
| 6 | Sabemos sobre nós e o entorno III | O alumnado creará murais informativos sobre o consumo responsable con consellos para o aforro enerxético no ámbito doméstico. Empregará ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas. Seleccionará estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. Proporá estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCNN, CCSS e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | 16 | 12 | | | X |

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------------|----------|
| 1 | Viaxando cos grandes navegantes | 25 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA1.2 - Buscar, seleccionar e contrastar información, de diferentes fontes seguras e fiables, adquirindo léxico científico básico, utilizándose en investigacións relacionadas co medio natural. | Busca, seleccione e contrata información sobre o medio natural | TI | 100 |
| CA2.2 - Identificar e analizar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identifica e analiza características, organización e propiedades do medio natural | | |
| CA4.1 - Utilizar recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo de forma segura e eficiente, buscando información, comunicándose e traballando de forma individual, en equipo e en rede, reelaborando e creando contidos dixitais sinxelos. | Utiliza recursos dixitais, de forma segura en equipo de de modo individual. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Fomento da curiosidade, a iniciativa, a constancia e o sentido da responsabilidade na realización das diferentes investigacións enunciando hipóteses. - Procura de información a través de diferentes fontes, de maneira individual e en equipo. - Características propias das plantas que permiten a súa clasificación en relación coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. A importancia da fotosíntese para a vida na terra. Plantas autóctonas de Galicia. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Dispositivos e recursos dixitais de acordo coas necesidades do contexto educativo. - Estratexias de procura de información seguras e eficientes en Internet (valoración, discriminación, selección, organización e propiedade intelectual). - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Técnicas para potenciar o traballo cooperativo, a cohesión de grupo e a resolución pacífica de conflitos. - Presentación dos proxectos desenvolto, utilizando diferentes soportes e estratexias de comunicación, explicando de forma oral e escrita as estratexias seguidas. |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|---------------------------------|----------|
| 2 | Sabemos sobre nós e o entorno I | 25 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|---|----|-----|
| CA1.3 - Diseñar e realizar experimentos guiados, de forma individual ou en equipo, utilizando diferentes técnicas de indagación e modelos, empregando os instrumentos e dispositivos apropiados de forma segura, rexistrando correctamente as observacións e medicións realizadas. | Diseñar e realizar experimentos utilizando diferentes técnicas de forma segura. | TI | 100 |
| CA2.1 - Coñecer a estrutura e organización dos seres vivos identificando as súas características e funcións. | Coñecer os seres vivos, as súas características e funcións. | | |
| CA4.2 - Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía, identificando os seus riscos e beneficios na sociedade. | Coñecer os principais avances da ciencia e da tecnoloxía. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Instrumentos e dispositivos apropiados para realizar observacións e medicións precisas de acordo coas necesidades da investigación. - Fases da investigación científica (observación, formulación de preguntas e predicións, planificación e realización de experimentos, recollida e análises de información e datos). - Estrutura e niveis de organización dos seres vivos: tipos de células, tecidos, órganos, aparellos e sistemas. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Influencia do desenvolvemento tecnolóxico na mellora das condicións de vida e de traballo na sociedade actual. - Avances da ciencia na contorna (medicina, tecnoloxías da información e a comunicación, cinema, deporte). |

| UD | Título da UD | Duración |
|----|--------------|----------|
| 3 | Somos TIC | 15 |

| Craterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|---|----|-----|
| CA4.4 - Diseñar posibles solucións aos problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas de proxectos de deseño e pensamento computacional, mediante estratexias básicas de xestión de proxectos cooperativos. | Diseñar solucións a problemas expostos de acordo con técnicas sinxelas mediante estratexias básicas de proxectos cooperativos | TI | 100 |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Tratamento e elaboración de textos sinxelos para recoller e comunicar información (formato de texto, axuste de páxina, inserción de imaxes). Xestión de arquivos. - Regras básicas de seguridade e privacidade para navegar por Internet e para protexer a contorna dixital persoal de aprendizaxe. - Recursos e plataformas dixitais restrinxidas e seguras para comunicarse con outras persoas. Etiqueta dixital, regras básicas de cortesía e respecto e estratexias para resolver problemas na comunicación dixital. - Estratexias para fomentar o benestar dixital. Recoñecemento dos riscos asociados a un uso inadecuado e pouco seguro das tecnoloxías dixitais (tempo excesivo de uso, ciberacoso, dependencia tecnolóxica, acceso a contidos inadecuados) e estratexias de actuación. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Estratexias en situacións de incerteza: adaptación e cambio de estratexia cando sexa necesario, e valoración do erro propio e o dos demais como oportunidade de aprendizaxe. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|----------------------------------|-----------------|
| 4 | Sabemos sobre nós e o entorno II | 15 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA1.1 - Formular preguntas e realizar predicións razoadas sobre un tema específico relacionado co medio natural a través da observación. | Formular preguntas e realizar predicións sobre un tema do medio natural a través da observación. | TI | 100 |
| CA2.3 - Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural mostrando comprensión das relacións que se establecen nel. | Establecer conexións sinxelas entre diferentes elementos do medio natural. | | |
| CA3.3 - Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas ecosociais, buscar solucións e actuar para a súa resolución, a partir da análise crítica das causas e consecuencias da intervención humana na contorna. | Participar con actitude emprendedora na procura, contraste e avaliación de propostas para afrontar problemas da intervención humana na contorna. | | |
| CA4.6 - Comunicar o deseño dun produto final, adaptando a mensaxe e o formato á audiencia, explicando os pasos seguidos e proponendo posibles retos para futuros proxectos. | Comunicar o deseño dun produto final explicando os pasos seguidos. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Vocabulario científico relacionado coas diferentes investigacións. - Os reinos da natureza desde unha perspectiva xeral e integrada a partir do estudo e análise das características de diferentes ecosistemas. Os seres vivos: características, clasificación e tipos. - Os ecosistemas como lugar onde interveñen factores bióticos e abióticos, manténdose un equilibrio entre os diferentes elementos e recursos. Relacións entre os seres vivos dun ecosistema, cadeas alimentarias, características, compoñentes e tipos de ecosistemas. |

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Relación do ser humano cos ecosistemas para cubrir as necesidades da sociedade. Exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais do noso planeta e as súas consecuencias, recoñecendo as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Importancia da biodiversidade. - Fontes, transformacións, transferencia e uso responsable da enerxía na vida cotiá para afrontar problemas ecosociais. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: <ul style="list-style-type: none"> - Iniciación ás fases do pensamento computacional (creación de esquemas ou diagramas sinxelos para planificar accións, descomposición dunha tarefa en partes máis sinxelas, desenvolvemento de diferentes estratexias para a resolución dun problema). - Construción de proxectos sinxelos, utilizando de forma guiada diferentes materiais, ferramentas, obxectos, dispositivos e recursos dixitais seguros e adecuados para a consecución do proxecto. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|---------------------|-----------------|
| 5 | O mar que nos une. | 13 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--|--|-----------|----------|
| CA2.4 - Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural, a través de propostas e accións que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade. | Valorar, protexer e mostrar actitudes de conservación e mellora do medio natural. | TI | 100 |
| CA4.3 - Formular problemas de deseño que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital, avaliando necesidades da contorna e establecendo obxectivos concretos. | Formular problemas que se resolvan coa creación dun prototipo ou solución dixital. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> - Características propias dos animais que permiten a súa clasificación e diferenciación en subgrupos relacionados coa súa capacidade adaptativa ao medio e a realización das funcións vitais: obtención de enerxía, relación coa contorna e perpetuación da especie. Animais autóctonos de Galicia. - Dixitalización da contorna persoal de aprendizaxe: - Estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. |

| UD | Título da UD | Duración |
|-----------|-----------------------------------|-----------------|
| 6 | Sabemos sobre nós e o entorno III | 12 |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|--------------------------------|-------------------------------|-----------|----------|
| | | | |

| Criterios de avaliación | Mínimos de consecución | IA | % |
|---|--|-----------|----------|
| CA1.4 - Analizar a información e os resultados obtidos, comunicando as conclusións das investigacións, utilizando linguaxe científica e explicando os pasos seguidos. | Analizar a información e os resultados obtidos explicando os pasos seguidos. | TI | 100 |
| CA3.1 - Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural a través de metodoloxías de indagación utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | Identificar as características, a organización e as propiedades dos elementos do medio natural utilizando as ferramentas e procesos adecuados. | | |
| CA3.2 - Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía identificando os seus usos na vida cotiá e a súa influencia no desenvolvemento sustentable. | Recoñecer e explicar as diferentes formas e fontes de enerxía. | | |
| CA3.4 - Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna para partir do uso de máquinas simples e compostas. | Identificar as causas e consecuencias da intervención humana na contorna. | | |
| CA4.5 - Desenvolver un produto final que dea solución a un problema de deseño, probando en equipo diferentes prototipos ou solucións dixitais e utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados. | Desenvolver un produto final que dea solución a un problema probando utilizando de forma segura e guiada as ferramentas, dispositivos, técnicas e materiais adecuados. | | |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| Contidos |
|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - A ciencia, a tecnoloxía e a enxeñería como actividades humanas. As profesións STEM na actualidade desde unha perspectiva de xénero relacionadas co desenvolvemento de hábitos de vida sustentable e o coidado do planeta. - Experimentación sobre cuestións científicas relacionadas coas necesidades actuais da sociedade. - Comunicación dos resultados da investigación, de forma oral ou escrita, utilizando diferentes soportes (textos orais ou escritos, maquetas, presentacións, murais). - Propiedades da materia. Masa e volume. Cálculo da masa e o volume a través da experimentación. - As fontes de enerxía renovables e non renovables. - A enerxía eléctrica. Os circuitos eléctricos e as estruturas robotizadas. Atracción e repulsión de cargas eléctricas. - Influencia das fontes de enerxía renovables na contribución ao desenvolvemento sustentable. - Identificación, características e funcións das máquinas simples e compostas de uso cotián. - Proxectos de deseño e pensamento computacional: - Observación e formulación de situacións-problema derivadas de necesidades que xurdan na súa contorna próxima. - Deseño, prototipado, proba e avaliación dun proxecto de deseño sinxelo que teña relevancia na súa contorna. - Linguaxe sinxela de programación por bloques e as relacións lóxicas entre eles (executar movementos, sensores, motores, impresión 3D). |

4.1. Concrecións metodolóxicas

A aprendizaxe competencial caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. Require, polo tanto, dunha visión interdisciplinaria e da personalización da educación.

Así, para sentar as bases que lle faciliten ao alumnado a adquisición e desenvolvemento das competencias clave determinadas no perfil de saída da educación primaria -empregaremos aquelas alternativas metodolóxicas que nos permitan garantir a inclusión educativa e a atención personalizada:

Poremos, tamén, énfase en favorecer a participación e a convivencia positiva na aula, xerando un clima de confianza no que o erro se entende como fonte de aprendizaxe.

Fomentaremos o traballo colaborativo e en equipo empregando estratexias de aprendizaxe cooperativa.

Potenciaremos a realización de aprendizaxes significativas que promovan o desenvolvemento da autonomía, a reflexión, a responsabilidade e a capacidade de aprender por si mesmos.

Deseñaremos propostas que integren todos os elementos do currículo. Estas tarefas e actividades ou proxectos estarán relacionados coa resolución de problemas en contextos da vida real e facilitarán a integración de distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, de xeito que lle permitan avanzar en máis de unha competencia ao mesmo tempo.

Nesta área proporcionaremos ao alumnado a realización de tarefas/proxectos interdisciplinares cooperativos que requiran da realización de experimentos sobre investigacións relacionadas con distintos elementos naturais. Achegaremos así, ao descubrimento activo a través da formulación de preguntas, da procura de información de diferentes fontes seguras e fiables, empregando tanto o pensamento lóxico como o pensamento lateral.

Os contidos dos diferentes bloques traballaranse de forma integrada adecuándose aos obxectivos determinados para cada tarefa/proxecto.

4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación |
|--|
| Ordenador do alumnado E-Dixgal |
| Recursos e contidos da plataforma E-Dixgal |

Procuraremos que o mobiliario e a disposición da clase favorezan os seguintes aspectos:

O acceso fácil e directo aos materiais para que o alumnado poida usalos sen dificultade e así fomentar a autonomía.

A presenza de lugares para a exposición permanente da actividade da clase.

A libre expresión e participación do alumnado.(carteis, buzóns de suxestións,etc)

Sabendo que os espazos de circulación e comunicación: corredores, vestíbulos , escaleiras, etc, ademais de cumprir a función de permitir unha circulación física , facilitan a comunicación do traballo que se desenvolve no centro, dos produtos finais dos proxectos que se están desenvolvendo, etc., terémolo en conta no momento de deseñar as distintas actividades.

Ao longo do curso utilizaremos distintos espazos, materiais e recursos didácticos.

O espazo educa e facilita a aprendizaxe. Os últimos estudos en Neurociencia poñen en valor, entre outros aspectos, que o entorno físico no que se dá a aprendizaxe afecta ao noso cerebro e que unha iluminación axeitada incide positivamente no benestar físico e emocional do alumnado, as vistas externas e a luz natural favorecen a concentración nas tarefas. Así, sempre que sexa posible, realizaremos actividades en espazos exteriores.

Para a realización das tarefas interdisciplinares programadas empregaremos todos os recursos TIC que temos á nosa disposición e ademais aqueles que sexan necesarios en cada caso: biblioteca de centro e de aula, xornais, visitas, participación de persoas expertas..., materiais de refugallo e o material funxible necesario (aportado polo alumnado, polo centro ou da natureza) para a confección dos produtos finais.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Na avaliación inicial teremos en conta os datos aportados por

1º.- A análise da información do curso anterior composta por:

- Acta sesión avaliación final.
- Resultados académicos do grupo-clase.
- Informes individualizados.
- Datos recollidos nas reunións entre titores/docentes establecidas para o traspaso de información.
- Informacións obtidas das familias.

2º.- Os resultados das probas iniciais realizada, tendo en conta:

- os criterios de avaliación e indicadores de competencias do curso anterior.
- o emprego de instrumentos de avaliación variados.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | Total |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| Peso UD/ Tipo Ins. | 17 | 17 | 17 | 17 | 16 | 16 | 100 |
| Táboa de indicadores | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 | 100 |

Criterios de cualificación:

Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da área na avaliación serán os criterios de avaliación que figuran no currículo e na programación. Polo tanto, aplicaranse os criterios de cualificación determinados en cada tarefa integrada/ proxectos aplicando as porcentaxes asignadas. A cualificación de cada un dos criterios obterase da valoración das evidencias/ información do desempeño do alumnado, recollida cos instrumentos de avaliación e cualificación establecidos para cada un deles.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación

Criterios de recuperación:

A avaliación do alumnado debe ser global, continua e formativa, e terá en conta o desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe e os obxectivos da área trabállanse en todas as avaliacións xa que se trata dun currículo competencial. Tendo isto en conta a recuperación integrarase na avaliación seguinte, aplicando os mesmos instrumentos de avaliación. Actualizarase a cualificación no momento en que o alumnado logre unha cualificación positiva. En cada caso aplicaranse as medidas de reforzo educativo adecuadas en calquera momento do curso.

6. Medidas de atención á diversidade

Atenderemos á diversidade rexéndonos polos principios de inclusión, promovendo a presenza, participación e progreso de todo o alumnado con independencia das súas características.

Programaremos as tarefas/proxectos interdisciplinares e planificaremos as situacións de aprendizaxe e a avaliación deseñando actividades e empregando os recursos que nos permitan atender aos principios do Deseño Universal para a Aprendizaxe (DUA): proporcionar múltiples formas de Implicación, proporcionar múltiples formas de Representación e proporcionar múltiples medios de Acción e Expresión.

Sabemos que a Aprendizaxe Cooperativa, ademais dun medio para desenvolver as competencias clave, é unha condición e un instrumento para a inclusión, para o desenvolvemento da solidariedade e a cohesión social. Polo tanto estruturaremos a aula de forma cooperativa, seguindo as pautas establecidas no programa CA/AC (Cooperar para Aprender/ Aprender a Cooperar), recollido no Plan de Convivencia do Centro. En definitiva, poremos en práctica, nas aulas, un conxunto de actuacións para que o alumnado aprenda, practicándoas, as habilidades sociais imprescindibles para traballar en equipo: escoitar con atención aos compañeiros/as, usar un ton de voz adecuado, respectar a quenda de palabra, compartir ideas, preguntar e pedir axuda con corrección, axudar aos compañeiros/as, rematar as tarefas, estar atentos, etc.

7.1. Concreción dos elementos transversais

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - A comprensión de lectura | X | X | X | X | X | X |
| ET.2 - A expresión oral e escrita | X | X | X | X | X | X |
| ET.3 - A comunicación audiovisual | X | X | X | X | X | X |
| ET.4 - A competencia dixital | X | X | X | X | X | X |
| ET.5 - O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. | X | X | X | X | X | X |
| ET.6 - A igualdade entre mulleres e homes | | X | | | X | |
| ET.7 - A educación para a paz | | | | X | | |
| ET.8 - A educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sostible | | | | | | X |
| ET.9 - A educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual | | X | | | | |
| ET.10 - A educación emocional e en valores | X | | | | X | |

| | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 |
|--|------|------|------|------|------|------|
| ET.11 - A prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social. | | X | | | | |
| ET.12 - A aprendizaxe dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político; a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos | | X | | X | | |
| ET.13 - O rexeitamento da violencia terrorista, o respecto e a consideración da violencia terrorista e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia. | | | X | | | |
| ET.14 - A pluralidade, o respecto polo Estado de dereito | X | X | | | | |
| ET.15 - A evitación de comportamentos, estereotipos e contidos sexistas así como os que supoñan discriminación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transxénero e intersexual. | | | | | X | |

7.2. Actividades complementarias

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|--|----------|----------|----------|
| Sistema solar, mural e carta de navegación. Visita á carabela Pinta, Casa da Navegación e aos monumentos de Baiona relacionados cos grandes navegantes Proxecto: Viaxando cos grandes navegantes. | O alumnado confeccionará un mural sobre o sistema solar e unha carta de navegación sobre a Arribada de Colón a Baiona. Actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre o tempo histórico, a Idade Moderna, S XVI, Era dos descubrimentos e acontecementos fundamentais; A nosa Galaxia; Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos (cartografía, planos ...) Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCSS, LGL, MATE, EPV e CCNN. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | X | | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| Presentación en impress. Estrutura e os niveis de organización dos seres vivos. Sabemos sobre nós e o entorno I | O alumnado, en equipos, preparará unha presentación para o resto dos compañeiros/as da clase, co apoio dunhas maquetas sobre o tema. Realizarán actividades de documentación, busca, análise e selección de información sobre a estrutura e os niveis de organización dos seres vivos. Reflexionarán e tomarán decisións sobre a representación e comunicación do coñecemento adquirido a través de diferentes fontes e textos tendo en conta a estrutura e dimensión das mesmas. Realizarán conxecturas matemáticas simples e investigarán patróns, propiedades e relacións, explicando ideas e procesos, identificando características dos obxectos, medindo e estimando medidas, elaborando hipóteses de posibles solucións a problemas propios dese contexto. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | X | | |
| Somos Tic. | Con este proxecto preténdese dar solucións aos problemas que van xurdindo no día a día na aula (axuste de páxina, inserción de imaxes, etc) e tamén adquirir regras básicas de seguridade e cortesía e respecto para navegar por Internet e resolver problemas na comunicación dixital. O alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL e O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | | X | |
| Exposición de carteis: Modificamos o medio natural. Proxecto: Sabemos sobre nós e o entorno II | O alumnado elaborará carteis informativos sobre as accións humanas que modifican o medio natural e contribúen á extinción de especies. Incluirán códigos QR con vídeos divulgativos de exemplos de bos e malos usos dos recursos naturais e as súas consecuencias. Cos carteis creados, organizará unha exposición dentro ou fóra do centro. | | X | |

| Actividade | Descrición | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|---|---|----------|----------|----------|
| O mar que nos une. Exposición | Lema do centro. O alumnado organizará unha exposición cos produtos finais que aporte cada grupoclase. Compartirá os resultados dun proceso de investigación sinxelo, en equipo, realizado de maneira acompañada, que implique a localización, selección e contraste de información de distintas fontes incluídas as dixitais. Utilizará estratexias de recollida, almacenamento e representación de datos para facilitar a súa comprensión e análise. Recoñecerá relacións xeométricas, posicións, simetrías e translacións nun contexto lúdico, artístico e científico e da vida cotiá. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de LGL, LCL, EPV, CCNN e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | | | X |
| Creación de murais. Sabemos sobre nós e o entorno III | O alumnado creará murais informativos sobre o consumo responsable con consellos para o aforro enerxético no ámbito doméstico. Empregará ferramentas tecnolóxicas adecuadas na investigación e resolución de problemas. Seleccionará estratexias para resolver un problema, xustificando a elección. Proporá estilos de vida sustentable e consecuentes co respecto, os coidados e a protección das persoas e do planeta, a partir da análise crítica da intervención humana na contorna. Con este proxecto, o alumnado adquirirá os coñecementos e destrezas dos obxectivos indicados das áreas de CCNN, CCSS e Matemáticas. O grao de adquisición destes avaliarase cos criterios de avaliación correspondentes das materias indicadas. | | | X |

Observacións:

Durante o curso poderán levarse a cabo outras actividades non incluídas nesta listaxe pero que polo seu interese, pola súa relación cos distintos proxectos de aula, consideremos idóneo incorporalas á programación, xa que este é un documento aberto e flexible.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro |
|--|
| Planifico as actividades e momentos do proceso de aprendizaxe tendo en conta o nivel de habilidades do alumnado e os seus ritmos de aprendizaxe? |
| Nas unidades de aprendizaxe /tarefas hai actividades variadas e con diferentes graos de desempeño na execución? |
| As propostas de aprendizaxe adáptanse aos diferentes coñecementos previos do alumnado? |

| |
|--|
| Son claros para o alumnado os obxectivos de aprendizaxe das actividades? |
| As unidades/actividades/tarefas que teño plantexadas, permiten que as aprendizaxes realizadas polo alumnado se transfiran a outras situacións da vida persoal e escolar? |
| Tiven en conta eliminar elementos que poidan xerar exclusión á hora de realizar as actividades? |
| Evítanse os exercicios de copia mecánica? |
| Comprobo de diferentes formas que o alumnado comprende a tarefa que teñen que realizar? |
| A selección e temporalización das actividades é axustada? |
| Emprego recursos didácticos variados tanto para a presentación da información como para a práctica autónoma do alumnado? |
| Ensinase aos estudantes a facer presentacións dos seus traballos tanto orais e escritas como de outras formas e tanto individuais como escritas? |
| Involúcrase aos estudantes no deseño do material didáctico para os compañeiros/as? |
| Adáptase a metodoloxía para que poidan aflorar distintos formas de aprender do alumnado? |
| Empréganse de forma sistemática e regular métodos de aprendizaxe cooperativa? |
| Adopto distintos agrupamentos en función do momento, da tarefa a realizar, dos recursos a empregar, controlando sempre que o clima de traballo sexa adecuado? |
| Están previstas actividades para realizar de forma individual, en parella, en grupo ou con toda a clase en distintos momentos do desenvolvemento da unidade de aprendizaxe? |
| Teñen os estudantes oportunidades para elixir entre actividades distintas? |
| O ambiente de aula, a súa organización e os recursos empregados contribúen ao desenvolvemento da aprendizaxe autónoma? |
| Motívase ao alumnado a que se fagan responsables da súa propia aprendizaxe? |
| Favorécese no alumnado unha progresiva autonomía en relación a planificar o seu traballo, regular o seu desempeño mentres o realiza e avaliar a súa actuación e os resultados obtidos co fin de introducir melloras en situacións futuras? |
| Reviso e modifico frecuentemente as actividades propostas, a adecuación dos tempos, os agrupamentos e materiais empregados? |
| Empregase a avaliación de maneira formativa para que mellore a aprendizaxe dos/as estudantes? |
| Propoño novas actividades /tarefas que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados ou un maior grao de adquisición nos acadados? |
| Empréganse estratexias de avaliación diferente e variadas de forma que permita a todos os/as estudantes mostrar as súas habilidades? |
| En cada Unidade de Aprendizaxe están claramente establecidos os criterios de avaliación? |
| Utilizo sistematicamente instrumentos variados de recollida de información sobre as aprendizaxes realizadas polo alumnado? |
| Implícase aos estudantes na avaliación da aprendizaxe cos demais? |
| Os criterios de avaliación e cualificación son claros e coñecidos polos alumnos e as alumnas e permiten facer un seguimento do progreso do alumnado? |
| Proporciono información ao alumno sobre a execución das actividades e como pode melloralas, favorecendo procesos de auto e coavaliación? |
| Os resultados das avaliacións utilízanse para introducir cambios nas programacións do profesorado axustándoas así ás necesidades detectadas? |

| |
|---|
| Ao final de cada avaliación valorase a eficacia das accións programadas na aprendizaxe do alumnado? |
| Búscanse e propóñense novas formas de traballar ou outro tipo de accións para lograr a maior aprendizaxe posible na totalidade do alumnado? |
| Participase en actividades de docencia compartida? |
| O /a profesor/a modifica a súa docencia en resposta ás recomendacións recibidas dos seus colegas? |

Descrición:

Avaliaremos o proceso de ensino e práctica docente cunha escala de valoración do 4 ao 1, sendo 4 o grao máximo de consecución do indicador e 1 o grao mínimo. En cada caso incorporaremos as propostas de mellora necesarias.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Coincidindo coas avaliación trimestrais realizarase a avaliación do proceso de ensino e a práctica docente valorando o grao de desenvolvemento dos indicadores de logro propostos no apartado anterior. Analizaremos os resultados de cada indicador e incorporaremos as propostas de axuste e mellora necesarios. A partir das melloras propostas para cada un dos indicadores de logro introduciremos as modificacións necesarias nas tarefas integradas/ proxectos deseñados para a seguinte avaliación.

Ao final do curso teranse resultados da avaliación do proceso de ensino e da práctica docente para incorporar as melloras e/ou modificacións necesarias na planificación do seguinte curso escolar.

9. Outros apartados